



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Discapacidade Física	Código	653G01303	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	7.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Celeiro, Iván de	Correo electrónico	ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Profesorado	Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	laura.nieto@udc.es	
	Rosende Celeiro, Iván de		ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumnado ao proceso de intervención de terapia ocupacional coa poboación adulta con discapacidade física, neurolóxica ou sensorial, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional da terapia ocupacional neste ámbito.</p> <p>Descritor: Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en terapia ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia ocupacional para a integración da persoa adulta con discapacidade física, neurolóxica ou sensorial. Aplicación da actividade ocupacional.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia da/o usuaria/o nas áreas de desempeño ocupacional (actividades da vida diaria, actividades instrumentais da vida diaria, traballo, educación, ocio e tempo libre, e participación social), baseándose nos seus diferentes entornos e contextos (físico, social, cultural, persoal, virtual, temporal). En definitiva, desenvolver coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica da terapia ocupacional.	A9 A10	B3 B9	C7
Manter e mellorar a calidade de vida das persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional.	A15 A20 A24	B9	C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as actividades da vida diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A6 A9 A11 A13 A14 A23	B24	C4
Desenvolver capacidade para identificar e anticipar situacións de risco nas persoas adultas con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.	A20 A29	B3 B9	C7



Intervir con persoas adultas con discapacidade física que presenten condicións de saúde incidentes nesta etapa vital que poidan comprometer o seu desempeño ocupacional e, polo tanto, a súa autonomía persoal.	A7 A8 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo a persoa usuaria, en función da súa historia persoal, da condición de saúde que presente e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde terapia ocupacional ao ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar. 1.2 Análise das principais ocupacións na persoa adulta. 1.3 Análise dos recursos sociocomunitarios. 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores.
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	2.1 Aproximación á calidade de vida desde terapia ocupacional.
Tema 3.- Autoras/es de referencia en terapia ocupacional: Adulta/o I	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico. 3.2 Análise e reflexión dos contextos históricos e socioculturais.
Tema 4.-Rede de servizos: Recursos existentes (ou por desenvolver) para a/o Adulta/o I	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos. 4.2 Lexislación que afecta ao servizo e á súa práctica. 4.3 Habilidades, funcións e rol da/o terapeuta ocupacional. 4.4 Relación co equipo interdisciplinar. 4.5 Perfil das persoas usuarias.



<p>Tema 5.- Proceso de terapia ocupacional na/o Adulta/o I: Autonomía persoal e participación social (Tema transversal do nivel intermedio do Título)</p>	<p>5.1 Derivación.</p> <p>5.2 Screening e valoración inicial.</p> <p>5.3 Fundamentos teóricos relevantes para Terapia ocupacional na promoción da autonomía persoal na/o adulta/o e a súa aplicación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Marcos de referencia.- Modelos de práctica de terapia ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, e Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso (AOTA).- Articulación co conxunto de técnicas pertinente.- Práctica centrada na persoa.- Práctica baseada na evidencia.- Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (OMS). <p>5.4 Avaliación ocupacional:</p> <ul style="list-style-type: none">- Perfil ocupacional e análise do desempeño.- Persoa(s), grupo(s), institución(s) e poboación(s).- Áreas de desempeño ocupacional.- Avaliación das contornas significativas: fogar, centro laboral, centro de ocio e tempo libre e demais recursos comunitarios.- Barreiras e facilitadores do desempeño ocupacional, dos dereitos ocupacionais e da saúde e benestar.- Ferramentas estandarizadas e non estandarizadas. <p>5.5 Planificación de metas e obxectivos coa(s) persoa(s), grupo(s), institución(s) e poboación(s); coordinación co equipo interdisciplinar. Metodoloxía SMART/SMORT.</p> <p>5.6 Intervención desde terapia ocupacional.</p> <ul style="list-style-type: none">- Consenso coa persoa, familiares e profesionais, tendo en consideración as contornas significativas, as características e as prioridades da persoa, así como as situacións de saúde de maior incidencia que poden causar disfunción ocupacional (dano cerebral, lesión medular, enfermidades dexenerativas, artroplastias, afeccións osteoarticulares, traumatolóxicas, cardíacas, oncolóxicas e outras de carácter orgánico).- Consideración das situacións de vulnerabilidade que poden impactar negativamente no desempeño ocupacional e/ou producir situacións que comprometan os dereitos ocupacionais.- Traballo nas áreas de ocupación empregando a ocupación/actividade significativa, en colaboración coa persoa usuaria, a súa familia e outras/os profesionais. Técnicas para a adaptación funcional das actividades da vida cotiá: economía articular, hixiene postural, simplificación do traballo e conservación da enerxía. <p>5.7 Actuación nos factores ambientais que funcionan como facilitadores/barreiras da participación en ocupacións na persoa adulta: produtos de apoio, adaptacións funcionais do contorno, ferramentas tecnolóxicas, etc.</p> <p>5.8 Asesoría de terapia ocupacional na etapa adulta do ciclo vital.</p> <p>5.9 Planificación da alta, seguimento e/ou derivación.</p>
<p>Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da calidade do servizo de terapia ocupacional: Adulta/o I</p>	<p>6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, planificación, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros).</p> <p>6.2 Actualización permanente da/o profesional.</p>



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe servizo	A6 A9 A10 A11 A16 A17 A19 B4 C4	5	3	8
Estudo de casos	A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C4	20	25	45
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	34	30	64
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24	2	32	34
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A24 A29 B3 B24 C4 C7	25	9.5	34.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo	Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partir da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. A súa inclusión como metodoloxía dependerá do establecemento de convenio con entidades sociais.
Estudo de casos	Metodoloxía onde a persoa enfróntase ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. A/o estudante sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que o alumnado aprenda efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un(ha) docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas de laboratorio	A atención personalizada farase mediante tutorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), en modalidade presencial ou virtual (a través da aplicación Teams).
Estudo de casos	Estas tutorías levaranse a cabo previa solicitude do estudiantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado co equipo docente, que non interfira en ningún caso co propio desenvolvemento da materia ou coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título nas cales estea matriculado.
Aprendizaxe servizo	Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada do Campus Virtual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A24 A29 B3 B24 C4 C7	Valorarase a capacidade do alumnado para integrar de forma activa os conceptos e procedementos impartidos na clase ao mesmo tempo que demostra, de forma progresiva, a integración das competencias da materia. Para superar a metodoloxía, será necesario asistir ao 80% das horas asignadas á metodoloxía ou, como alternativa, realizar e superar un Mapa Conceptual.	5
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	A asistencia será obrigatoria. Valorarase: 1) actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación (interacción empática, proactiva, analítica e construtiva); respecto (ás persoas participantes no grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); e a responsabilidade (consigo mesma/o e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensino-aprendizaxe); 2) asemade, valorarase os traballos individuais e/ou grupais solicitados vinculados ao desenvolvemento da metodoloxía.	25
Estudo de casos	A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C4	Nesta metodoloxía, valorarase tanto o proceso de traballo como o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Por tanto, terase en conta a evolución do alumnado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda), así como a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso de aprendizaxe. En canto ao contido, valorarase que o caso sexa coherente co proceso de terapia ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da(s) persoa(s), poboación(s), as súas ocupacións e contornas, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos de práctica de terapia ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persoa-Contorno-Ocupación, entre outros. Finalmente, na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así coma a capacidade de expresión escrita (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal de acordo ao foro).	20
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avalorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), a argumentación ofrecida nas súas intervencións, e a integración e aplicación de conceptos e procedementos na práctica da profesión.	50

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE nº 224 de 18 de setembro de 2003), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación, e/ou que non se presente á proba mixta no período oficial de avaliación.

Para aprobar a materia, cada estudante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas, entregar todos os traballos solicitados e ter superadas cada unha das metodoloxías que conforman o proceso de avaliación da materia. Ademais, será necesario ter unha cualificación mínima de 2.5 puntos (sobre 5) puntos na Proba mixta, e só serán tidas en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se a/o alumna/o acadara a devandita puntuación na Proba mixta. En caso contrario, a nota da primeira oportunidade (febreiro) corresponderase coa nota obtida na Proba mixta. As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa cualificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobadas e superada a Proba mixta nesta oportunidade.

Valorarase a puntualidade e a asistencia obrigatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías que computan para a avaliación da materia. Só se considerarán ausencias xustificadas as relacionadas coa atención sanitaria ou causa de forza maior. En todo caso, debe xustificarse a ausencia documentalmente.

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (febreiro) pola ausencia non xustificada nas Prácticas de laboratorio, non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017).

Segundo a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo do alumnado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada no Consello Social do 4 de maio de 2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará a expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

A

realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspense na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspense? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Asemade, o docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudiantado coa suficiente antelación.

Fontes de información

Bibliografía básica

Sanz S. Vivir tras el golpe: trayectorias sociales de personas que sobreviven a un traumatismo craneoencefálico. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona; 2015. Sebastián M, Valle I, Vigarà A. Guía de orientación en la práctica profesional de la valoración reglamentaria de la situación de dependencia: productos de apoyo para la autonomía personal. Madrid: CEAPAT; 2012. Vila A, De-Rosende-Celeiro I. Contribución de la terapia ocupacional en la rehabilitación cardíaca: intervención, desafíos y reflexiones. Cadernos Brasileiros de Terapia Ocupacional, 2016, 24(4), 791-800. Vining M, Trombly CA. Occupational therapy for physical dysfunction. Baltimore: Lippincott Williams and Wilkins; 2014. Vroman K, Stewart E. Occupational therapy evaluation for adults: a pocket guide. 2ª ed. Baltimore: Lippincott Williams and Wilkins; 2014.



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Procesos de Terapia Ocupacional/653G01204
Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206
Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia/653G01207
Terapia Ocupacional, Técnicas Ortoprotésicas e Desempeño Ocupacional/653G01208
Estancias Prácticas II/653G01210
Estancias Prácticas III/653G01211

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Rehabilitación no Adulto con Discapacidade Física/653G01302
Estancias Prácticas IV/653G01304

Materias que continúan o temario

Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no adulto con Disfunción na Saúde Mental/653G01306
Estancias Prácticas V/653G01307

Observacións

1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen na materia:a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:Non se empregarán plásticos.Realizaranse impresións a dobre cara.Utilizarase papel reciclado.Evitarase a impresión de borradores.2.- O profesor responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, os cales serán notificados ao alumnado coa suficiente antelación.3.- Durante o período da materia no primeiro cuadrimestre, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderanse programar seminarios ou obradoiros para aprofundar en certos contidos e técnicas específicas que complementen o desenvolvemento da materia.4.- O docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos ou exames. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente cualificación de suspenso '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.5.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías